

BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

Nº 42 - Xuño de 2020

CONTIDO

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS.....	1
CURSOS.....	1
CONVOCATORIAS.....	2
CONGRESOS.....	4
INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE.....	5
RECURSOS SOBRE O COVID_19.....	7
AXENDA.....	8
NOVAS DO DUVI.....	9
NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (ABRIL DE 2020).....	10

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

CURSOS

Segunda edición do Itinerario formativo virtual de xénero da Universidade Vigo [+Info](#)

Esta iniciativa, que ten como finalidade satisfacer as necesidades de formación en xénero da comunidade universitaria foi desenvolvida pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade de Vigo, co apoio financeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Escola Virtual de Igualdade [+Info](#)

O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades leva a cabo o programa formativo Escola Virtual de Igualdade, en cumprimento dos seus fins institucionais para promover a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, a través de accións de sensibilización e de formación en igualdade.

O período de inscrición permanecerá aberto ata setembro de 2020 ou ata que se esgoten as prazas.

Feminicidio.net [+Info](#)

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

ONU Mulleres Centro de Capacitación [+Info](#)

Cursos dispoñibles todo o ano en diferentes modalidades: autoaprendizaxe, moderado, semipresencial, presencial e personalizado.

Plataforma de formación en liña de Fundación Mujeres [+Info](#)

Oferta formativa en liña para a mellora da empregabilidade. Xuño de 2020.

Igualdade na aula [+Info](#)

Curso gratuíto que a Secretaría de Igualdade Substantiva e de Desenvolvemento das Mulleres de Michoacán (SEIMUJER), México, pon a disposición do profesorado en modalidade totalmente en liña.

Mestrado en xénero e comunicación [+Info](#)

O Mestrado en xénero e comunicación é un posgrao de investigación cuxa convocatoria é de carácter internacional. Ten como obxecto de estudo os patróns culturais que sosteñen as asimetrías de poder entre os xéneros e que se configuran e se reproducen en procesos de significación e de representación do xénero en diversos ámbitos.

Inscrición en liña e presentación de solicitudes do 21 de maio ao 12 de xuño de 2020.

CONVOCATORIAS

Convocatoria da primeira edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de mestrado (TFM) en materia de igualdade e de dereitos das mulleres [+Info](#)

As solicitudes presentaranse ata o 5 de outubro de 2020. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no dito boletín e na páxina web da Valedoría do Pobo e das universidades galegas.

Convocatoria Fondo SUPERA COVID19. CRUE, CSIC e Banco Santander [+Info](#)

Financiamento de programas, de proxectos colaborativos e de medidas de apoio ao ámbito universitario para minimizar o impacto da crise provocada polo coronavirus nos ámbitos sanitario, educativo e social. No punto 2.2.2 da convocatoria inclúense os «Estudos e proxectos de investigación con perspectiva de xénero sobre o impacto económico-social da crise».

III Convocatoria Premios WONNOW de CaixaBank e Microsoft Ibérica [+Info](#)

Premios destinados a estudantes universitarias de carreiras con menor presenza feminina das áreas de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. O galardón ten como fin promover, pór en valor e estimular a excelencia, tanto académica como persoal, das mulleres estudantes universitarias das áreas antes mencionadas, dándolle visibilidade social ao esforzo, ao tesón e á capacidade feminina nestes campos.

O prazo de presentación remata o 14 de xuño de 2020.

X Convocatoria do Premio AEIHM a teses doutorais 2020 [+Info](#)

Co obxecto de promocionar os estudos históricos sobre as mulleres, a Asociación Española de Investigación de Historia das Mulleres (AEIHM)

convoca o Premio AEIHM a teses doutorais relacionadas coa historia das mulleres e/ou coas relacións de xénero.

O prazo de presentación dos traballos finaliza o 30 de xuño de 2020.

Axudas para a organización de congresos e de seminarios do IUIEG [+Info](#)

O IUIEG convoca axudas para financiar parcialmente a organización de congresos, de seminarios e doutro tipo de actividades científicas no ámbito dos estudos de xénero. O prazo de presentación da segunda convocatoria finaliza o 15 de xuño de 2020.

Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas da violencia de xénero e para a promoción da igualdade da Xunta de Galicia 2020

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas da violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas da trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. [+Info](#)

Chamada para presentar artigos para a revista Asparkía. Investigación feminista: «Miscelánea en estudos de xénero e feministas». [+Info](#)

Asparkía Investigación feminista é unha revista publicada semestralmente polo Instituto Universitario de Estudos Feministas e de Xénero. Prazo de envío

aberto ata o 30 de xuño de 2020.

XX Coloquio internacional de AEIHM tecnoloxía, ciencia e natureza na historia das mulleres. [+Info](#)

No mes de outubro de 2020, terá lugar na cidade de Selecta o XX Coloquio Internacional de AEIHM. O obxectivo é realizar unha reflexión colectiva sobre a importancia da relación entre a natureza e a feminidade.

***Feminist Studies. Call for Content on the COVID-19 Pandemic.* [+Info](#)**

A revista académica en estudos da muller Feminist Studies abre o prazo para enviar desde todos os lugares do mundo contidos académicos ou activistas sobre as respostas feministas á pandemia da COVID-19. Ata o 15 de xullo de 2020 pódense enviar desde todos os lugares do mundo a submit@feministstudies.org textos de entre 1500 a 3000 palabras sobre as implicacións desta pandemia para as análises feministas do capitalismo.

Financiamento para os proxectos de corresponsabilidade e de coidados [+Info](#)

O acordo de colaboración entre o Instituto da Muller e a FEMP para 2020 contará cunha dotación de 300.000 € e diríxese aos concellos, ás deputacións, aos cabildos e aos consellos insulares así como ás agrupacións de municipios.

***Traineeships - Gender Equality (EIGE)* [+Info](#)**

O Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) convoca as persoas graduadas que sexan nacionais dun estado membro da UE, dun país da AELC ou dun país que reúna os requisitos da IPA para facer prácticas por seis meses. As solicitudes poden presentarse ata o 15 de xuño.

CONGRESOS

Quinta edición de Informática para tod@s (IPT) [+Info](#)

Este evento promove a participación das mulleres no sector tecnolóxico. Celebrarase en Valencia en xuño de 2020.

V Congreso internacional de mozos e mozas investigadores con perspectiva de xénero [+Info](#)

O Instituto Universitario de Estudos de Xénero da Universidade Carlos III de Madrid, abre a inscrición na quinta edición deste congreso internacional que terá lugar os días 3, 4 e 5 de xuño no Campus de Xetafe da devandita universidade.

VIII Congreso Universitario Internacional Investigación e Xénero [+Info](#)

Organizado polo Seminario Interdisciplinario de Estudos das Mulleres da Universidade de Sevilla (SIEMUS). Por mor da situación ocasionada pola incidencia da COVID-19, o congreso previsto para o 25 e 26 de xuño de 2020 queda postergado ata xuño de 2021

The 11th European Conference on Gender Equality in Higher Education (GEHE) [+Info](#)

Debido á actual emerxencia sanitaria mundial, a undécima edición da Conferencia GEHE prevista para os días 16 a 18 de setembro de 2020 en Madrid, organizada polo Ministerio de Ciencia e Innovación e a UPM posporase para os días 15 a 17 de setembro de 2021.

Conversatorio feminista en liña [+Info](#)

Pensar a pandemia, o illamento e as violencias desde os feminismos.

3 de xuño, ás 18.30 h, desde a conta de [Aralma](#) en Facebook Live.

Webinar: «Mulleres e emprego informal en América Latina. Unha realidade invisible da resposta dos estados ante a COVID-19?» [+Info](#)

O obxectivo desta sesión é visibilizar a situación das mulleres traballadoras informais no marco da crise da COVID-19 e ver cales están a ser as respostas estatais máis aló dos subsidios de emerxencia

Data: 10 de xuño de 2020 ás 17.30 h.

Webinar: «Precariedade laboral e violencia de xénero» [+Info](#)

Este *webinar* pretende visibilizar os diferentes riscos aos que se expoñen as mulleres traballadoras dos sectores precarizados, especialmente nesta crise, dar a coñecer algunhas propostas de traballo que se están impulsando desde varios sectores sociais, así como xerar un espazo de intercambio de experiencias entre as mulleres.

Data: 24 de xuño de 2020.

Webinar: «Mulleres na arte». Presenta Artistas Valencianas da Universidad do Museo Social Arxentino (UMSA) [+Info](#)

Actividade gratuíta con inscrición previa: inscripciones@umsa.edu.ar

Data: martes 2 de xuño ás 18.00 h.

Obradoiro en liña «Atopa a túa ruta» [+Info](#)

Dirixido a mulleres emprendedoras e empresarias, é un proxecto de The Coca-Cola Foundation, organizado coa Fundación Mulleres.

Programación de datas do 2 ao 12 de xuño.

INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE

Valoracións, percepcións e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo [+Info](#)

Este estudo foi financiado polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e elaborado pola consultora de xénero galega Red Talento Consultoras. A Universidade de Vigo, a través da Unidade de Igualdade, apostou por utilizar estes fondos, entre outras moitas accións, para a realización dun diagnóstico da situación e das percepcións sobre a igualdade de xénero na nosa comunidade académica, co fin de deseñar con maior acerto as futuras políticas de xénero da institución, así como o vindeiro III Plan de Igualdade.

«Quero ser investigadora». Unha guía para fomentar que o alumnado de secundaria coñeza referentes femininos da Universidade de Vigo [+Info](#)

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo presentou a publicación «Quero ser investigadora». Trátase dun conxunto de dez pequenas historias, ao xeito dun conto, a través das que se difunden a experiencia e as vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando desde a Universidade de Vigo.

ADIM «Avanzando en la gestión de la diversidad LGBT en el sector público y privado» [+Info](#)

Este proxecto, financiado pola Unión Europea, tivo a participación de diferentes empresas e universidades públicas de España e de Portugal que buscan mellorar o respecto e a inclusión en ámbitos laborais de lesbianas, gais, bisexuais, trans e outras persoas pertencentes ás chamadas minorías sexuais -como intersexuais, asexuais ou persoas de xéneros non binarios que se inclúen na guía baixo as siglas LGBT+.

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

No Observatorio Igualdade Emprego poderás consultar estudos e informes que visibilizan as brechas de xénero entre as mulleres e os homes no mercado laboral e no emprendemento.

Boletín estatístico mensual sobre a violencia de xénero [+Info](#)

A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero publica información estatística mensual sobre vítimas mortais, o sistema VioGén ou as chamadas ao 016.

Ciclo virtual «Miradas pandémicas» [+Info](#)

Diálogo virtual «Miradas pandémicas» organizado pola Confluencia Feminista. Dispoñible en YouTube.

RECURSOS SOBRE O COVID_19

A perspectiva de xénero, esencial na resposta á COVID-19. Instituto da Muller. [+Info](#)

Nesta tripla dimensión da pandemia, sanitaria, social e económica, faise necesario coñecer o alcance do impacto de xénero que produce e incorporalo na resposta dunha crise que, polas súas propias características, afecta de maneira diferente ás mulleres e aos homes.

Guía de actuación para as mulleres que estean sufrindo a violencia de xénero en situación de permanencia domiciliar derivada do estado de alarma pola COVID-19 [+Info](#)

A violencia de xénero non é un problema privado, é unha violación de dereitos humanos que incumbe a toda a sociedade, especialmente aos poderes públicos. Por iso, nesta situación de estado de alarma, coas dificultades engadidas polo illamento nos fogares e polo peche de moitos servizos, desde o Ministerio de Igualdade queremos informar a todas as mulleres que poidan estar sufrindo violencia de xénero das accións de prevención e de resposta que seguen en marcha, especialmente se se trata de situacións de emerxencia.

A perspectiva de xénero nas investigacións sobre o COVID-19 [+Info](#)

Neste momento histórico que esta a atravesar toda a humanidade debido á pandemia orixinada polo coronavirus é imprescindible incluír a perspectiva de xénero nos estudos científicos relacionados co impacto da COVID-19 na nosa sociedade.

Aviso da Concellería de Igualdade de Vigo [+Info](#)

Na web do Concello de Vigo, na páxina da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org), nas nosas redes sociais "IgualdadeVigo", no Centro

Municipal de Información dos Dereitos da Muller que segue operativo a través do teléfono 24 horas 986 293 963 ou do enderezo electrónico info.muller@vigo.org a través do cal as mulleres vítimas da violencia de xénero están a recibir asesoramento xurídico, apoio social (trámites de axudas económicas, canguros...) e atención psicolóxica ademais de xestionarlles un recurso alternativo de acollemento en caso necesario.

Radiando Igualdadencasa [+Info](#).

A Radio da Universidade de Sevilla, RadiUS, é unha iniciativa na que, de luns a venres, se lles realizan entrevistas a diferentes persoas que traballan para construír unha sociedade máis saudable, xusta, sustentable e igualitaria. Na actual crise que estamos a atravesar, esta iniciativa adáptase á situación de confinamento e ofrece IRadiando Igualdadencasa.

Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos [+Info](#)

Rúa Oliva, 12. 36202 Vigo. Teléfono: 986 222 328. Teléfono de Atención ás Vítimas: 606 929 137. Trátase dun grupo de mulleres veciñais de Vigo cuxa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos. Actuacións xenéricas de apoio ás vítimas dos malos tratos: denuncia da violencia; escritos e publicacións en prensa; presenza na rúa, en xuízos, en xornadas e actos públicos. Actuacións nos casos de xuízos; entregas e recollidas de fillas e fillos; acompañamento en hospitais ou ante a policía; acompañamento nos casos derivados polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller; derivación ao servizo pertinente dos casos que requiran axudas de carácter técnico e/ou profesional.

«A Universidade Responde» especial coronavirus

Iniciativa que ofrece diferentes visións de aspectos relacionados coa crise da COVID-19 desde o ámbito socioeconómico, psicolóxico ou sociolóxico.

AXENDA

Mes de xuño:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

28 de xuño 2020: Día Internacional do Orgullo LGTBQI+

NOVAS DO DUVI

Reivindicando as artistas a través da rede [+Info](#)

O COVID- 19 apraza a incorporación da investigadora distinguida Francesca Giampieri ata mediados de xuño. [+Info](#)

Unha mirada comparativa á obra das poetisas Helena Kolody e Idea Vilariño. [+Info](#)

Os Premios Valedora do Pobo distinguirán os mellores TFG e TFM en materia de igualdade. [+Info](#)

O itinerario virtual de formación en xénero volve a convocarse tras o éxito da súa primeira edición. [+Info](#)

NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (ABRIL DE 2020)

Biblioteca Campus Pontevedra

100 mujeres que cambiaron el mundo. Elmert, Sandra, autor. Barcelona RBA, [2018]. BUV Bca Campus Pontevedra .BCP 5:37 ELME,S

Amarte: pensar el amor en el siglo XXI. Oliveira Malvar, Mercedes, Traba, Amada, Madrid : Catarata, [2019]. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 316.6 OLIV,M

Mujeres. 4. Ruiz, Isabel, 1977-[Madrid] : Ilustropos, 2018. BUV Bca Campus Pontevedra BCP 929 RUIZ,I

Mujeres. 5. Ruiz, Isabel, 1977-[Madrid] : Ilustropos, 2019. BUV Bca Campus Pontevedra BCP 929 RUIZ,I

Primavera tardía. Barcelona: a contracorriente films, [2013]. BUV Bca Campus Pontevedra BCP AV 791.43-1 OZU,Y 3-a

¿Las Princesas usan botas de montaña?. Coyle, Carmela LaVigna. Barcelona: Picarona, 2013. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 COYL,C

¡Soy una niña! Ismail, Yasmeen. Sant Joan Despí (Barcelona): Corimbo, 2016. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 ISMA,Y

Wangari Maathai: la mujer que plantó millones de árboles. Prévot, Franck, 1968-Barcelona: Blume, 2017. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 PREV,F

Yo, Jane. McDonnell, Patrick 1956-México, D.F.: Océano Travesía, 2015. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 MCDO,P

Biblioteca de Filoloxía e Traducción

Figurações da donzela-guerreira: Luzia-homem e dona Guindinha do Poco. Oliveira, Valdeci Batista de Melo. São Paulo: Annablume, 2005. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 869.0.09 OLI fig

Genders and classifiers: a cross-linguistic typology. Oxford: Oxford University Press, 2019. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 801 GEN and

Biblioteca Torrecedeira

Guía de comunicación inclusiva: principios de actuación para unha comunicación en clave de igualdade [Pontevedra]: Deputación de Pontevedra, [2017]. BUV Torrecedeira. TOR 800 GUI com

Artigos revistas/capítulos libros

Feminismo y cambio social en la España de la Transición a la Democracia. Álvarez Gómez, Concepción. 2019

El arte sí tiene sexo. Caldas, Mar, 1964-. 2019

Transculturalidad y órdenes sociosexuales en América. Gómez Suárez, Águeda. 2017

El género en combate: Las estrategias del cuerpo en las primeras performances de Valie Export. Tejo, Carlos, 1966-2019